

Polideportivo



CERVO / SAN CIPRIÁN
27/04/2019



HOXE
11:00H.

ENCORO *de*
RÍO COBO

K1+C1



FÚTBOL SALA

O Ribeira FS busca o título galego

O alevín do Ribeira pode ser campión da Liga Galega de fútbol sala se gana o partido que xoga mañá contra Academia Red Blue 5 Coruña na cidade herculina, nun encontro que se disputará a partir das 17:45 h.

VOLEIBOL

O Emevé xoga polo ascenso á Superliga

Os lucenses, campións do grupo A na Superliga 2, competirán hoxe en Dumbría por un posto na elite do voleibol español con Dumbría Voleibol, Voleibol Almoradí e Mediterráneo Castellón

Partidos destacados

HOXE 16:00h. BALONCESTO
Liga Galega Cadete, Ensino - Colexio Mariano

HOXE 16:00h. XADREZ
1ª DIVISIÓN Recatelo - Cidade de Narón

MAÑÁ 17:30h. FÚTBOL
TERCEIRA DIVISIÓN, RC Villalbés - Paosaco

HOXE 18:00h. FÚTBOL
TERCEIRA DIVISIÓN, Polvorín - Bergantiños

ATLETISMO

IX Edición da Camovi

Máis de 750 atletas participarán na novena edición da Carreira Montes de Viveiro organizada pola Agrupación Deportiva San Roque, que contará na súa novena edición con seis probas para adaptarse aos distintos niveis e idades

BALONMÁN

Hoxe. Lugo
2ª AUTONÓMICA MASCULINA

O BM Lucus xoga o último encontro da liga como local. Os lucenses mídense ao Bueu na Casa da Deporte a partir das 18:30 horas.

XADREZ

COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Div. H.	Sanxenxo	Recalado	Casa Xuventude	Hoxe,16:00h
Div. H.	ELX	C. Chantadino	Frigsa	Hoxe,16:00h
1ª Div.	Recalado	Cidade Narón	Est. Granxa,30	Hoxe,16:00h
1ª Div.	Xiria Carballo	ELX	Espazo Xove	Hoxe,16:00h
1ª Div.	Círculo Artes	Clubexa	Círculo Artes	Hoxe,16:00h
2ª Div.	Viveiro	ELX Cadete	Ramón Canosa	Hoxe,16:00h
2ª Div.	ELX Fornos FV	Betanzos B	Frigsa	Hoxe,16:00h
2ª Div.	Clubexa	ELX Absoluto A.	Laxes de Orro	Hoxe,16:00h
2ª Div.	ELX II. Salgado	Xadrez Mariñas	Frigsa	Hoxe,16:00h

TENIS MESA

Hoxe. Lugo
FASE LOCAL

Hoxe dispútase nas instalacións de Frigsa a fase local de tenis de mesa do programa de deporte escolar Xogade. A cita, organizada polo CTM Dez Portas, reunirá deportistas das categorías benxamín, alevín, infantil e cadete do centro e do sur da provincia.

BÁDMINTON

Hoxe. Mondoñedo
CAMPIONATO PROVINCIAL

Uns 120 deportistas das categorías benxamín, alevín, infantil e cadet disputan hoxe no pavillón deportivo de Mondoñedo o Campionato Provincial de Bádminton, organizado no marco do programa de deporte escolar Xogade. A competición, organizada pola entidade local Salto do Coro, celebrarase das 16:00 ás 20:00 horas.

VOLEIBOL

Hoxe. Dumbria
FASE ASCENSO SUPERLIGA

O CV Emevé xoga esta fin de semana a Fase de Ascenso á Superliga 1 masculina. Os lucenses, campións do grupo A na Superliga 2, competirán por un posto na elite do voleibol español con Dumbria Voleibol, Voleibol Almoradí e Mediterráneo Castellón.

Tras enfrontarse ante o Dumbria, o CV Emevé xoga esta tarde un encontro decisivo ante o Mediterráneo Castellón a partir das 18:00 horas. A fase concluirá mañá co terceiro duelo, ante Voleibol Almoradí, que se disputará ás 10:00 horas.

Hoxe. Cervo
TROFEO CONCELLO DE CERVO

O pavillón da Veiga acolle hoxe o Trofeo Concello de Cervo. Ao longo de toda a xornada xogaranse doce partidos de xeito practicamente ininterrompido entre equipos das categorías alevín, infantil masculino e feminino e cadete dos clubs CV Emevé, Narón Volea e da Escolas Deportivas Municipais. A entrega de trofeos e medallas está prevista para as 20:00 horas, ao concluír os últimos encontros.

O torneo organizase desde hai cinco anos para promocionar esta modalidade deportiva, unha das máis demandadas nas escolas municipais cervenses que contan con catro equipos.

KARATE

Hoxe. Ribadeo
CAMPIONATO ESPAÑA INFANTIL

O novo polideportivo municipal de Ribadeo acolle a quinta edición do Campionato de Karate Concello de Ribadeo no que participarán máis de 80 deportistas entre os 5 e os 16 anos pertencentes a Shitokai Ribadeo, Shitokai Foz, Shitokai Burela, Oviedo Club Amosar, Club de Karate Castropol e Tapia de Casariego. Ao finalizar realizarase unha exhibición a cargo dos grados máis altos do club anfitrión.

FÚTBOL SALA

COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1ª Div. F	Alcorcón	Burela FS	Los Cantos	Hoxe,17:00h
2ª Div. B	BoalFS	Xove FS	PM Boal	Hoxe,19:00h
DH Xuv.	Guitiriz	Cidade Narón	PM Guitiriz	Hoxe,12:45h
DH Xuv.	Prome Lugo	Coruña FS	PM Deportes	Hoxe,18:00h
DH Xuv.	Troula	Lugo Sala	PM Betanzos	Mañá,12:30h
DH Xuv.	Burela FS	Begonte	Vista Alegre	Mañá,19:00h
3ª Div.	Ac. Red Blue 5	Ribeira FS	San Fco Javier	Mañá,16:00h
3ª Div.	Red Blue Vigo	CP Casás	P. Universitario	Mañá,17:00h
3ª Div.	Vilalba FS	IES Corxou FS	P. Guitiriz	Hoxe,16:00h
3ª Div.	Begonte	P. Barreiros	P. Begonte	Hoxe,20:00h
Pref. M	Agolada	Quiroga	P. Agolada	Hoxe,19:00h
Pref. M	Lugo Sala	Ordes FS	PM Lugo	Hoxe,20:00h
Pref. M	Arzúa	Lugo FS	PM O Viso	Hoxe,19:00h
Pref. M	Guitiriz	Stellae FS	PM Guitiriz	Hoxe,19:00h
Pref. M	Castroverde	Betanzos FS	PM A Ferrería	Mañá,18:00h
Pref. F	FSF Castro	C. Pontevedra	PM Castro	Hoxe,18:00h
Pref. F	Vilalba FS	Amarelle FS	PM Begonte	Mañá,12:00h
Xuv. M	Sala Ourense	Os Meigallos	Os Remedios	Hoxe,18:30h
Xuv. M	Ribeira FS	O Parrulo	PM Lugo	Hoxe,16:00h
Cad. M	Lugo Sala	Os Meigallos	O Palomar	Hoxe,18:00h
Cad. M	Burela FS	Hércules FS	Vista Alegre	Hoxe,19:30h
Cad. M	Cidade Narón	Guitiriz	A Gándara	Mañá,19:00h
Cad. M	Ac. Red Blue 5	Casás	San Fco Javier	Hoxe,20:00h
Inf. M	Lugo Sala	Os Meigallos	O Palomar	Hoxe,19:30h
Inf. M	Burela FS	Hércules FS	Vista Alegre	Hoxe,18:00h
Inf. M	Lumieira	O Parrulo	O Palomar	Hoxe,16:30h
Inf. M	Cidade Narón	Guitiriz	A Gándara	Mañá,17:00h
Inf. M	Ac. Red Blue 5	Casás	San Fco Javier	Hoxe,18:30h
AL. M	Burela FS	Hércules FS	Monte Castelo	Hoxe,19:00h
AL. M	Ac. Red Blue 5	Ribeira FS	San Fco. Javier	Mañá,17:45h

CICLISMO

Hoxe. Monterroso
II MEMORIAL JOSE ANTONIO LÓPEZ

O club ciclista Cidade de Lugo organiza a segunda edición do Memorial José Antonio López, na que participarán deportistas das categorías inferiores: alevíns, infantís e cadetes. De 11:00 a 13:00 disputaranse probas en liña e, pola tarde, de 15:00 a 19:00 horas, as probas en circuitos urbanos. Os alevíns percorrerán 1.200 metros a tres voltas e os infantís 1.200 metros a oito voltas. Os cadetes realizarán unha contrarrelaxo de 2.000 metros a unha volta e unha proba en liña de 22 quilómetros a dúas voltas.

Ademais, ao longo da xornada, promoverase a afección ao ciclismo con xincanas de obstáculos para principiantes.

PIRGAGÜISMO

Hoxe. San Cibrao (Cervo)
CAMPIONATO GALEGO INFANTIL

Uns 300 padexeiros e padexiras de 34 clubs galegos compiten esta mañá no Campionato Galego Infantil K1 e C1 organizado polo CD San Ciprián no encoro do Río Cobo.

Entre os participantes estarán os deportistas de seis clubs lucenses. Ademais do anfitrión, na liña de saída formarán integrantes de Club Kayak de Foz, Club Altruán de Ribadeo, Club de Piragüismo Viveiro Urban Hotel, Cidade de Lugo e Fluvial de Lugo. Os equipos con maior número de participantes son o Náutico Firrete, con 32 padexeiros, e o Náutico Pontecesures con 28. Ambos ocupan as dúas primeiras posicións nas clasificacións xerais das diferentes ligas.

A competición comenará ás 11:00 horas coa saída da categoría muller infantil B e finalizará sobre as 13:00 horas coa última quenda, a masculina infantil A na modalidade de kayak. A entrega de medallas está prevista para as 14:00 horas.

BUCEO

Mañá. Lugo
BAUTISMO BUCEO

O Club Fluvial de Lugo e o Centro de Actividades Subacuáticas de Viveiro organizan mañá un bautismo de buceo na piscina do club capitalino. De 10:00 a 13:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas, os asistentes, maiores de 16 anos, dividiránse en diferentes grupos para tomar parte na actividade na que aprenderán a flotar e respirar baixo a auga e a manexar o equipo de buceo. Adquiridas estas noções básicas, os participantes estarán preparados para realizar un curso máis especializado e, finalmente, facer inmersiones no mar. A actividade será impartida por formadores do centro viveiro con 24 anos de experiencia e 3.500 cursos realizados.

ATLETISMO



Hoxe. Viveiro
CAMOVI

Máis de 750 atletas participarán na novena edición da Carreira Montes de Viveiro (Camovi), organizada pola Agrupación Deportiva San Roque, contará na súa novena edición con seis probas para adaptarse aos distintos niveis e idades.

C42k (42 quilómetros), con saída ás 8:00 horas desde a Praza Maior de Viveiro. O circuito pasará por Pico Vieiro, Silvarosa, Feira de Galdo, Monte Castelo, Naseiro, Aralde e Penedo do Galo e culminará na Praza Maior.

C42 relevos (45 quilómetros por equipos), con saída ás 8:00 horas desde a Praza Maior e un percorrido similar ao anterior. O primeiro relevista realizará 24 quilómetros e o segundo 18. O lugar de cambio será o Naseiro.

C21K (21 quilómetros), con saída ás 11:00 horas desde Naseiro. C10K (10 quilómetros), con saída ás 9:00 horas desde Aralde. CAMOVkids, que contará con tres probas en función da idade dos nenos: de 0 a 6 anos (200 metros); de 7 a 10 anos (390 metros), e de 11 a 15 anos (550 metros). A saída será ás 11:00 horas desde a Praza Maior.

Andaina popular de 11 quilómetros, nun circuito circular entre a Praza Maior e Penedo do Galo. A saída será ás 9:30 horas. Os participantes doan á AECC un importe da inscrición, un mínimo de 5 euros. A C42K é a segunda proba da Copa Galega de Carreiras de Montaña, o que trae ata Viveiro corredores do máximo nivel como Aritz Egea ou Oihana Kortázar.

Os participantes poderán recoller os dorsais e a bolsa do corredor na oficina técnica habilitada na Praza Maior entre as 6:45 e as 10:00 horas. Disporán de duchas nas instalacións do pavillón polideportivo Antonio Tarrío.

Entregaranse trofeos aos tres primeiros clasificados de cada categoría establecida, tanto masculinos como femininos. Ademais, na C42K outorgarase un premio en metálico para a vencedora feminina e vencedor masculino que marquen un tempo inferior aos actuais records da proba: 4:29:19 (Ragna Debats) e 3:51:40 (Antonio Manjón). O acto de entrega dos galardóns está previsto para as 15:00 horas. Durante a fin de semana, ante a afluencia de visitantes prevista, permanecerá habilitada para estacionamento a explanada situada ao lado de Correos.

Hoxe. Friol
CARREIRA POPULAR FRIOL

Hoxe dispútase a sétima edición da Carreira Popular de Friol, organizada polo club de atletismo local e mais o concello. A proba conta este ano con novo regulamento, feito para dar un maior atractivo á carreira, mantendo o espírito auténticamente popular deste evento. Como novidade, establece a posibilidade de participar por parellas.

Nesta edición haberá cinco categorías: absoluta, cun percorrido de 5 quilómetros; Sub 14 e Sub 12 con 1.400 metros de percorrido; Sub 10 cun percorrido de 700 metros; Prebenxamín, de 300 metros, e Pitufo, de 100 metros.

A carreira absoluta terá a saída ás 18:00 horas diante do colexio de Friol, na Praza de España. No mesmo lugar iniciarán a proba as categorías inferiores, de forma escalonada, desde ás 17:15 horas.

Levarán trofeos os oito primeiros clasificados das categorías sénior e máster; os tres primeiros equipos clasificados, tanto a categoría masculina como feminina; as tres primeiras parellas na categoría masculina, feminina e mixta e os mellores das categorías inferiores. Tamén haberá medallas para todos os participantes das carreiras e camiseta técnica de manga longa para os participantes na carreira absoluta.

Mañá. Lugo
3ª CLASIFICATORIA ATLETISMO

Máis de 400 atletas das categorías benxamín e alevín pertencentes a clubs e colexios de toda a provincia participan mañá na terceira clasificatoria de atletismo do programa de deporte escolar Xogade.

As probas de velocidade, salto e lanzamento de peso sucederán durante toda a mañá, desde as 10:00 ata as 14:15 nas pistas do complexo deportivo das Pedreiras.

BILLAR

COMPETICIÓN BILLAR

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
Galega A	Revestimentos Raposo	Flama	Hoxe
Galega A	O Braseiro	D'Vuelta	Hoxe
Galega A	Chámalle X	Mouchos	Hoxe
Galega A	Pigeones	Pingos	Hoxe
Galega A	Santa Compañía	Omega	Hoxe
Galega A	Como Sempre	Bolita Nocturna	Hoxe
Galega B	Patacas Novas	Bar Luna	Hoxe
Galega B	Dovalitos	Pulpería Mónica	Hoxe
Galega B	Bar Charlie	Doel	Hoxe
Galega B	Tania & Bandidos	Cantimptores	Hoxe
Galega B	Os Afillados	A Bota do Viña	Hoxe
Ind. 2°	Carlos Palmeiro	Nery Fdez	Hoxe
Ind. 2°	Iván Rey	Jose M. Díaz	Hoxe
Ind. 2°	Jorge Blanco	Jose Capón	Hoxe
Ind. 2°	Alberto Rguez	Jose Cazón	Hoxe
Ind. 2°	Marcos Glez	Vicior Castro	Hoxe
Ind. 2°	Leire Folgueira	Laura Rarai	Hoxe
Ind. 3°	Bruno Rguez	Jose Sampayo	Hoxe
Ind. 3°	Mario López	Amalia Buide	Hoxe
Ind. 3°	Borja Argeray	Ruben Fdez	Hoxe
Ind. 3°	Carlos M. Ferrandiz	Jaime Fontal	Hoxe
Ind. 3°	Samuel Yanes	Mar Expósito	Hoxe
Ind. 3°	Ángel Doural	Justo Rguez	Hoxe
Ind. 3°	Enrique Freire	Iván Meilán	Hoxe
A Costa	Ignacio Fdez	Jose Candal	Hoxe
A Costa	Nacho Fdez	Iván Fdez	Hoxe
A Costa	Luis Dayán	Manuel Uriá	Hoxe
A Costa	Felipe Manin	Óscar García	Hoxe
A Costa	Emilio Rego	Demetrio Salgueiro	Hoxe
Sénior OP	Fernando Ríos	Jose Capón	Hoxe
Sénior OP	Manuel Rey	Carlos Hermida	Hoxe
Sénior OP	Diego Ferreiros	Santiago Lourido	Hoxe
Sénior OP	Enrique Freire	Justo Pérez	Hoxe
Sénior OP	Jose Carlos Clares	Rodrigo García	Hoxe
Sénior OP	Jaime Fontal	Pablo Campo	Hoxe
Sénior TM	Jaime Fdez	Amalia Buide	Hoxe
Sénior TM	Jose M. Rielo	Carlos M. Ferrandiz	Hoxe
Sénior TM	Amable Ramos	Jose Cazón	Hoxe
Sénior TM	Samuel Yanes	Manuel Cumbras	Hoxe
Sénior TM	Jose A. Sampayo	Diego Rguez	Hoxe
Cto. Esp.	OP ASTB	OP Los Tercera	Hoxe
Cto. Esp.	OP Bordados Lugo	OP Atraque	Hoxe
Cto. Esp.	TM Poolmonia	TM O Braseiro	Hoxe
Cto. Esp.	TM Siglo XXI	TM Bolita & Bolita	Hoxe

DARDOS

COMPETICIÓN DARDOS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
Liga G. 1	Game of Darts	Bar Pacheco	Mañá
Liga G. 3	O Chao 1	Santa Cruz A	Mañá
Liga G. 4	Chacaritas	Timón	Mañá
Liga G. 4	O Chao 2	Estreiteoteam	Mañá
Liga G. 4	Pipoka Team	Bar Nela	Mañá
Liga G. 5	Politécnica	Gaudinos	Mañá
Liga G. 7	A Bichería	Bar Curra	Mañá
Liga G. 8	O Chao 3	Haberlos Hailos	Mañá
Liga G. 8	Ruxedarts	Eu que sei	Mañá
Liga G. 9	A Veiga	Outeiro	Mañá
Liga G. 9	Pub Tibor	A Pau seco	Mañá
Liga G. 9	Paris Brothers	Enxebre	Mañá
Liga G. 10	Relif	Relámpagos	Mañá
Liga G. 10	Relámpagos	Perfil	Mañá
Liga G. 12	Venus	A Kova	Mañá
Liga G. 13	Porco Celta	Undertarke	Mañá
Liga G. 14	Non podemos con elas	Os de arriba	Mañá
Liga G. 15	Bar Gaucho	Nin Pescado	Mañá
Liga G. 16	Paradela Darts	Salgueira Breogán	Mañá
Liga G. 16	Breogán	Paradeladarts	Mañá
Liga G. 16	Politécnica	Los Languis	Mañá
Liga G. 17	Ángeles del Infierno	Tenlo	Mañá
Liga G. 17	Braseiro	A Pas	Mañá
Liga G. 17	D10	Ismael	Mañá
Liga G. 18	Campeño	Meira 3	Mañá
Liga G. 18	Club Náutico	Zulo Team	Mañá
Liga G. 19	Non teñen tempo	Félix	Mañá
Liga G. 20	Coco Loco	Tiempos	Mañá
Liga G. 21	Cento Cultural	A Parra	Mañá
Liga G. 21	Fevisa	Os que faltaban	Mañá
Liga G. 22	Avenida	El Balcón	Mañá

BALONCESTO

COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Liga ACB	Real Madrid	CB Breogán	Madrid	Hoxe 18:00h
EBA	Aquimisa	CB Chantada	Carbajosa	Hoxe 19:00h
EBA	Innova Chef	Estudiantes	Zamora	Hoxe 17:00h
2° Masc.	CB Celtas	CB Arteixo	Marzán	Hoxe 18:00h
2° Fem.	Cook Muralla	Basket Xiria	Terra	Mañá 17:00h
2° Fem.	CB do Lea	Estudiantes	Castro	Hoxe 20:00h
2° Fem.	Ensinso Lugo	Cía de María	Anexo 2	Hoxe 20:00h
3° Masculina	CB Ourense	CB Sarria	Ourense	Hoxe 18:00h
1° Cad M.	Estudiantes	Seis do Nadal	Anexo 1	Mañá 12:00h
1° Cad F.	Ensinso	C. Mariano	Pazo	Hoxe 16:00h
1° Cad F.	RC Celta	Estudiantes	Vigo	Hoxe 12:00h
1° Inf. M.	Novobasket	Estudiantes	Vigo	Mañá 19:00h
1° Inf. M.	CB Burela 05	PBB A	Burela	Mañá 17:00h
1° inf F.	CB Allariz	Estudiantes	Allariz	Merc. 12:00h
1° Preinf M.	Novobasket	Estudiantes	Vigo	Mañá 17:00h
1° Preinf M.	Marín	Maristas	Marín	Mañá 12:00h
1° Mini M.	Pio XII	Estudiantes	Santiago	Hoxe 16:00h
1° Mini M.	CB Noia	Maristas	Noaia	Hoxe 16:00h
1° Mini M.	Montrove	CB Ribadeo	Oleiros	Mañá 12:00h
1° Mini F.	Estudiantes	B. Coruña	Anexo 1	Merc. 18:00h

FÚTBOL

COMPETICIÓN FÚTBOL NACIONAL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Liga 1-2-3	Las Palmas	CD Lugo	Las Palmas	Mañá 18:00h
3° División	RC Villalbés	UD Paoisaco	A Magdalena	Mañá 17:30h
3° División	Polvorin FC	Bergantiños	Anxo Carro	Hoxe 18:00h
1° Gal. Fem	Milagrosa	Antas	L. Gorgoso	Mañá 19:00h
Preferente	Boimorto	Foz	O Carballal	Mañá 17:00h
Preferente	Castro	San Tirso	Municipal	Mañá 17:00h
Preferente	Ribadeo FC	As Pontes	P. Barrera	Mañá 16:30h
Preferente	Puebla CF	Viveiro CF	Da Alta	Mañá 18:00h
Preferente	Sarriana	At. Arteixo	A Ribela	Mañá 18:00h
1° Aut.	Pontenova	Riotorto	A Mina	Mañá 17:00h
1° Aut.	Taboada	Friol CF	A Medela	Mañá 17:00h
1° Aut.	Chantada At.	Club Lemos	Sangoñedo	Mañá 17:00h
1° Aut.	Pastorcense	Xove Lago	O Acebreiro	Mañá 17:00h
1° Aut.	Outeiro	Burela SD	Municipal	Mañá 17:30h
1° Aut.	San Ciprián	Santaballés	A Veiga	Mañá 17:00h
1° Aut.	Pol	Residencia	Manuel Luna	Mañá 17:00h
1° Aut.	At. Escarirón	Chantada	O Saviñao	Mañá 17:00h
1° Aut.	O Páramo	Monterroso A	As Rapadas	Mañá 17:00h

COMPETICIÓN FÚTBOL PROVINCIAL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
2° Aut. N.	Meira	Cervo	A Lomba	Mañá 17:00h
2° Aut. N.	Abadín	Iberia	Municipal	Mañá 17:00h
2° Aut. N.	Goiriz	Candelaria	O Ventño	Mañá 17:00h
2° Aut. N.	Folgueiro	Guitiriz	Boa Vista	Mañá 17:00h
2° Aut. N.	Comercial	Xermade	R. Lago	Mañá 17:00h
2° Aut. N.	Roupar	Mondoñedo	O Novo	Mañá 17:00h
2° Aut. N.	Cospoite	Valadouro	A Fonte	Mañá 17:00h
2° Aut. N.	Cabreiros	Lourenzá	Da Cea	Mañá 17:00h
2° Aut. Sur	Corgo	Santa Comba	Municipal	Mañá 17:00h
2° Aut. Sur	Palas	San Lázaro	Os Chacotes	Mañá 17:00h
2° Aut. Sur	Monterroso B	Guntín	Cerdeiriños	Mañá 17:00h
2° Aut. Sur	Bóveda	Sp. Lucense	Hnos. Somoza	Mañá 17:00h
2° Aut. Sur	Oural	Chantada B	Luis Pallín	Mañá 17:00h
2° Aut. Sur	Brollón	Ferreira	Os Medos	Mañá 17:00h
2° Aut. Sur	O Incio	Portomarín	Carboeiro	Mañá 17:30h
2° Aut. Sur	Becerreá	San Roque	Municipal	Mañá 17:00h
3° Playoff	Barreiros	Catro Roldas	Cascabeiro	Mañá 17:00h
3° Playoff	Antas	Río Sil	C. Seoane	Hoxe 17:00h
3° Copa	Cazas	Fonsagrada	4 Ventos	Hoxe 17:00h
3° Copa	Matala	Friol B	S. Lorenzo	Hoxe 17:00h
3° Copa	Milagrosa	Alfoz	L. Gorgoso	Hoxe 17:00h
3° Copa	Quiroga	Sober	Municipal	Mañá 17:30h
3° Copa	Taboada B	Lemos B	A Medela	Hoxe 19:15h

FÚTBOL BASE



COMPETICIÓN FÚTBOL BASE SUPERIORES

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Xuvenil N.	CD Lugo B	Porriño	A Reigosa	Hoxe 12:30h
Xuvenil N.	Victoria CF	RC Villalbés	A Coruña	Hoxe 12:15h
Xuvenil Gal.	Residencia A	Compostela	A Cheda	Hoxe 11:30h
Xuvenil Gal.	O Val	Viveiro CF	Sinde B	Hoxe 11:00h
Xuvenil Gal.	CP Calasancio	Coruxo FC	Álex Blanco	Hoxe 11:30h
Cadete H.	CD Lugo	Coruxo FC	A Fonte	Hoxe 16:00h
Cadete Gal.	RC Villalbés	Victoria B	Roca	Hoxe 17:00h
Cadete Gal.	RC Ferrol B	Viveiro CF	A Gándara	Hoxe 10:30h
Cadete Gal.	Calasanz B	CD Lugo B	A Coruña	Hoxe 18:00h
Cadete Gal.	Milagrosa	Latín	L. Gorgoso	Hoxe 17:45h
Infantil Gal.	Montañeros	CD Lugo	A Coruña	Hoxe 18:00h
Infantil Gal.	Calasanz	Residencia A	A Coruña	Hoxe 16:00h
Infantil Gal.	Milagrosa	Bergantiños	L. Gorgoso	Hoxe 12:00h
Infantil Gal.	Calasancio	Pabellón	Álex Blanco	Mañá 12:00h

COMPETICIÓN FÚTBOL BASE PROVINCIAL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Prov. Xuv.	Sagrado	Polvorin FC	R. Lugo	Hoxe 16:00h
Prov. Xuv.	RC Villalbés B	Sarriana	Roca	Martes 18:30h
Prov. Xuv.	San Ciprián	Becerreá	A Veiga	Hoxe 16:30h
Prov. Xuv.	Foz	Milagrosa	M. Foz	Hoxe 18:30h
Prov. Xuv.	Ribadeo	Castro	P. Barrera	Hoxe 16:30h
Prov. Cad.	Sarriana	Monterroso	A Ribela	Mañá 10:00h
Prov. Cad.	Burela	Residencia A	A Marosa	Hoxe 12:30h
Prov. Cad.	Polvorin A	Sagrado	Polvorin	Mañá 10:00h
Prov. Cad.	Ribadeo	Foz	P. Barrera	Mañá 11:30h
Prov. Inf.	RC Villalbés	Sarriana	A Magdalena	Hoxe 11:00h
Prov. Inf.	SD Viveiro	Becerreá	M. Gómez	Hoxe 17:00h
Prov. Inf.	Burela SD	Residencia B	A Marosa	Hoxe 12:30h
Prov. Inf.	Ribadeo	CD Lugo B	P. Barrera	Hoxe 11:30h

F. VETERANOS

COMPETICIÓN FÚTBOL VETERÁNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1° Local	Sagrado	Garabolos	A Ponte	Mañá 11:30h
1° Local	O Picato	Residencia	R. Lago	Hoxe 20:00h
1° Local	Peñarol	Comercial	R. Lago	Hoxe 20:00h
1° Local	Outeiro	Albeiros	Polvorin	Hoxe 18:00h
1° Local	Agor	Montajes	R. Lago	Mañá 10:00h
1° Local	Breñaña	Ferrovial	R. Lago	Mañá 17:00h
1° Local	Corgo	As Gándaras	R. Lago	Hoxe 18:00h
1° Local	San Roque	Milagrosa	R. Lago	Mañá 12:00h
Provincial	Taboada	Paradela	A Medela	Hoxe 16:30h
Provincial	Cospoite	Sarria	A Fonte	Mañá 11:30h
Provincial	Trasnoso	At. Illán	A Ribela	Hoxe 16:00h
Provincial	Pastorcense	Guntín	O Acebreiro	Mañá 11:30h
Provincial	Sarriana	Castro	A Ribela	Hoxe 20:00h
Provincial	Abadimense	Pol	Do Pichón	Hoxe 17:30h
Provincial	Becerreá	Saavedra	Municipal	Hoxe 18:00h
2° Local	Monterroso	Palas	Cerdeiriños	Hoxe 18:00h
2° Local	Codesido	A Canteira	Casanova	Mañá 11:30h
2° Local	Begonte	Sarria SD	C. de Pacios	Hoxe 17:00h
2° Local	Albense	Santaballés	Celso Lamas	Hoxe 18:00h
2° Local	Sancobade	Parga	Sancobade	Hoxe 18:30h
2° Local	Lambruxos	Rábade	A Ribela	Hoxe 18:00h
2° Local	Rabadense	Pontenova	4 Ventos	Hoxe 17:00h



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

Fútbol Sala

O RIBEIRA FÚTBOL SALA soña co ascenso a Segunda B nunha temporada na que abriu as portas tamén ao fútbol feminino

O Ribeira FS soña con escribir esta temporada unha páxina de ouro na súa historia. O equipo de Terceira División Nacional chega ao sprint final co ascenso a Segunda División B na súa man. A falta de seis xornadas o conxunto de Arcadio Vega ocupa a primeira praza da clasificación, o que lle permitiría promocionar directamente. O salto de categoría é o reto do club desde a súa creación en 2006.

"Nas últimas temporadas o equipo estivo sempre entre as mellores plantillas da liga, pero non acababa de crer nas súas opcións. Esa mentalidade cambiou. Propuxémonos chegar aos últimos partidos con posibilidades de competir polo ascenso e conseguímo-lo. Agora temos que tratar de conquistalo", explica o adestrador Arcadio Vega, que volve dirixir ao equipo sénior despois de retirarse un tempo da primeira liña.

Oito xornadas consecutivas sen perder avalan o bo momento de forma dos lucenses, que terán que defender a primeira praza nun treito final de temporada cun calendario moi esixente, con enfrontamentos contra rivais directos como Pazos de Borbén –a tres puntos- ou Carballiño –a catro-.

"Desde a directiva do club somos conscientes da dificultade de manter este liderado e concretar o ascenso, que requiriría ademais elevar o orzamento para competir a temporada que vén. Chegado o caso, o club barallaría todas as opcións dispoñibles de ascenso, dado que consideramos que sería o impulso definitivo non só ao noso equipo sénior, senon tamén a todas as categorías inferiores", subliña Carlos Pin, presidente da entidade.

Canteira

Desde que hai tres anos comezaron a traballar coa base poñendo en marcha a escola, a canteira do club lucense non deixou de medrar, pasando de 35 a preto de 150 licenzas esta temporada. O Ribeira FS conta actualmente con 11 equipos en categorías inferiores, desde chupete ata xuvenil.

A evolución non é só cuantitativa senon tamén cualitativa. O pasado 4 de abril o equipo infantil proclamouse campión da liga local de Lugo e conseguiu o ascenso á Liga Galega, onde xa compiten o xuvenil e o alevín. Este último podería proclamarse mañá campión da Liga Galega se vence ao Academia Red Blue 5 na Coruña (Pavillón Municipal San Francisco Javier, 17:45 horas)

"O noso obxectivo segue sendo formar xoga-



dores e axudar a formar persoas. Consideramos que temos os monitores adecuados para iso", explica Pin que subliña tamén outras claves do crecemento. "Ofrecemos unhas cotas moi atractivas para formar parte da escola, tarifas accesibles para as familias. Consideramos que o principal traballo debe ser por parte do club"

Fútbol feminino

Outra das liñas nas que traballa o club é a promoción do fútbol sala feminino. Ao comezo da temporada incorporaron á súa estrutura un equipo sé-

nior feminino, que compete en Primeira Galicia. De cara ao vindeiro curso pretenden dar continuidade a este proxecto coa posta en marcha dunha escola de formación de fútbol sala feminino, na que xa están a traballar. O club realiza no Centro Deportivo unhas xornadas de portas abertas orientadas á captación de xogadoras. A iniciativa está a ter unha boa acollida, xa que empezan a tomar forma un equipo alevín e outro infantil. A directiva está convencida de que a solidez e o futuro do club pasan pola aposta polo fútbol feminino.



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

